



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funci3ns D. Jos3 A. Garc3a Jurjo (segundo Decreto de delegaci3n n3 2017-0136 de data 22 de setembro), comparecen os Sres. concelleiros Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Luis L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez e Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez (ausentes previa excusa os Sres. concelleiros D. Jos3 Antonio Real V3zquez, D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez e D. Manuel L3pez Armesto), asistidos pola secretaria municipal D3a. Ana Isabel Candame Areosa, que da f3 do acto, co obxecto de celebrar sesi3n “**extraordinaria e urxente**” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Xa que asiste o qu3rum legal para a s3a celebraci3n, declarouse aberta a sesi3n pola Presidencia en funci3ns e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do d3a, que se desenvolveron como se expresa a continuaci3n:

13.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Ao abeiro do sinalado polo art. 79 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, o Sr. alcalde en funci3ns dirixese aos Sres. concelleiros para indicar que procede que o Pleno Corporativo se pronuncie sobre a urxencia, e sinala que a mesma, tal e como figura no Decreto de convocatoria da sesi3n, deriva do feito de que se aprobe a Conta Xeral do exercicio 2016 antes do d3a 1 de outubro, data l3mite sinalada polo art. 212 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e non poder efectuar antes a convocatoria ao non estar concluso o expediente, ao rematar o 27 de setembro o per3odo de exposici3n ao p3blico.

Se procede 3 votaci3n, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (cinco votos a favor), sendo nove o n3mero legal de membros, o Pleno Corporativo aprecia a urxencia da convocatoria.

23.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que a Comisi3n Especial de Contas en sesi3n celebrada en data 24/08/2017 emitiu o seguinte ditame en relaci3n coa Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016, co teor literal seguinte:

“Considerando que o obxecto da sesi3n 3 proceder ao examen da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio econ3mico de 2016, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de R3xime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral pola Intervenci3n Municipal, foron comprobados os documentos oportunos, as3 como toda a documentaci3n anexa 3 mesma e esixida pola vixente lexislaci3n, a Comisi3n Especial de Contas deste Concello, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes D3a. Marisol Orille D3az, Don Jos3 Antonio Garc3a Jurjo, Don Jos3 Manuel Campo L3pez e Dona Mar3a del Carmen Abad Rodr3guez, ning3n voto en contra e ningunha abstenci3n,
DITAMINA:

PRIMEIRO. *Informar favorablemente a Conta Xeral do Concello do exercicio 2016 e que est3 integrada polos seguintes documentos:*

— O Balance.



- A Conta do resultado económico-patrimonial.
- O Estado de Cambios do Patrimonio Neto.
- O Estado de Fluxos de Efectivo (o estado de fluxos de efectivo non será un estado preceptivo para aquelas entidades que podan aplicar o modelo simplificado da instrucción de contabilidade local, como é o caso deste concello)
- O Estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.

Así como a seguinte documentación adxunta:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, así como de Secretaría en relación ao saldo existente na Caixa da Corporación.
- Certificado de Secretaría de Conciliación das diferencias entre os saldos bancarios e os contables.
- Informe de Intervención.

SEGUNDO. Ordear que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quenes se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan oportuno, os cáles, no caso de presentarse, haberán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, á consideración plenaria definitiva.”

Visto que en cumprimento do ordeado pola Comisión Especial de Contas, se procedeu á exposición pública mediante anuncio inserto no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP nº 196 de data 26/08/2017 sen que se presentaran alegacións, tal e como se fai constar en Certificado de Secretaría.

Vista o expediente tramitado xunto con toda a documentación anexa á mesma, o Pleno Corporativo, órgano competente ao abeiro o artigos 22.2.e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 212 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 64.2.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (cinco votos a favor), sendo nove o número legal de membros,

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Concello de Samos correspondente ao exercicio económico 2016 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente en funcións dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e dez minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente en funcións,

A secretaria,